



ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL DA FEGAR

XUNTA ELECTORAL DA FEGAR

ACTA Nº 7/2018

Asistentes:

Presidente

D. José Ángel Blanco Núñez

Secretario

D. Manuel Iglesias González

Vogal

Dª. Margarita Tomé Mourenza

En A Coruña a 5 de novembro de 2018 e sendo as 20,00 horas se reúnen na Sede Social da FEDERACIÓN GALEGA DE REMO, os membros da XUNTA ELECTORAL que se citan á marxe deste Acta có obxecto de cumprir có establecido no Calendario Electoral: "PARA COÑECER ESCRITO DE SOLICITUDE DE PETICIÓN DO VOTO POR CORREO DE D. JOAQUÍN MONTERO GÓMEZ".

Que en esta Xunta Electoral, con data 31 de outubro de 2018 recibíuse escrito de solicitude de exercicio do voto por correo do deportista DGAN D. Joaquín Montero Gómez con selo de saída de Correos de Sevilla Sucursal-12 de data 26-10-18.

Esta Xunta Electoral, unha vez analizada a devandita solicitude

ACORDA:

1. **NON ADMITIR** a petición do mencionado deportista D. Joaquín Montero Gómez por considerar que a devandita solicitude é extemporánea, pois segundo se recolle no Calendario Electoral da propia Federación o prazo para a presentación de solicitudes do "Voto por Correo" tería iniciado con data 1 de setembro e rematado o 9 de outubro de 2018, ademais se debe cumprir cós requisitos establecidos no Artigo 39.3b e 44.3a e 44.3b do Decreto 16/2018 polo que se rexen os procesos electorais das Federacións Galegas.

2. PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DOS CANDIDATOS POLOS DISTINTOS ESTAMENTOS Á ASEMBLEA XERAL

Segundo as resolucións correspondentes ás Actas nº 5/2018 e 6/2018, procedeuse á Proclamación Definitiva dos Candidatos á Asemblea Xeral da Federación Galega de Remo, as cales están publicadas na páxina web da federación (www.fegar.org).



**3. CERTIFICACIÓNS DE AUTORIZACIÓNS PARA O VOTO POR CORREO,
ENVÍO DA DOCUMENTACIÓN PARA EXERCER O VOTO POR CORREO,
COMUNICADO Á SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA RELACIÓ DE
AUTORIZADOS A VOTAR POR CORREO E A SÚA PUBLICACIÓ NA WEB.**

Atendendo ó establecido no Art. 25.5 do Regulamento Electoral, e tras acordar esta Xunta Electoral que non procede efectuar votacións para a eleccións de membros da Asemblea en ningún dos Estamentos por recibir igual ou menor número de candidaturas que prazas a ocupar, e ó non recibir esta Federación solicitude algunha de voto por correo, esta Xunta Electoral acorda que non procede publicar na web nin remitir á Secretaría Xeral para o Deporte a relación de electores habilitados para votar por correo, nin enviar ós solicitantes de voto por correo a certificación que autoriza nin o sobre coa papeleta de votación.

Notifíquese ó interesado este acorde o publíquese na páxina web da Federación.

Contra esta resolución da Xunta Electoral poderá interpoñerse Recurso no prazo de tres días naturais ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva segundo o disposto no Artigo 27.4 do Regulamento Electoral.

E non tendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión ás 20:30 do mencionado día 5 de novembro de 2018.

O Presidente

O Secretario

Vogal